

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **VIGO**

##### **Contratos administrativos**

*CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DE SERVICIOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1*

#### **CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DE SERVICIOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS**

1. **Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Fomento. Nº expediente: 4.639-440.
2. **Obxecto do contrato:** a redacción do proxecto de execución das obras de construción dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós.  
Lugar de execución: Vigo.  
Prazo de execución: 3 meses. Prórroga: non.
3. **Tramitación e procedemento:**  
Tramitación: Ordinaria.  
Procedemento: Aberto.
4. **Presuposto base:** 82.934,40.- euros. IVE a soportar pola Administración: 17.416,22.- euros. Orzamento total: 100.350,62.- euros.
5. **Garantías esixidas:** a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: si, (por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente)
6. **Obtención da documentación e información:** [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.



7. **Requisitos específicos do contratista:** a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato, ou, no caso de que o contrato se licite por lotes, ao lote ou lotes aos que presenten proposta. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. **Presentación de Ofertas:** Prazo: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. **Apertura Ofertas técnica e económica:** entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. **Outras informacións:**

11. **Páxina web para obtención de información:** [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Vigo, a 18 de setembro de 2017.—O Concelleiro delegado de Contratación, P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015), David Regades Fernández.

